



# Anita Nair

## Historias sobre os railles

Por Jeanne E. Frediksen (India Currents)

*“Todo o mundo dí que unha muller non pode vivir sola.”*

¿Non poden? Para Akhilandeswari, solteira de 45 anos, vale a pena facerse a pregunta e investigalo na novela *El vagón de las mujeres* de Anita Nair. Desde a morte do seu pais, Akhila é o único soporte da súa desagradecida familia. Pese a ser a maior, a que mantén ó resto, é para eles a hermana solteira que non pode tomar decisións e que seguramente non podería sobrevivir por si mesma.

Aparentemente condenada a unha vida tan controlada e gris como os seus saris almidonados, Akhila decide un bo día facer algo que soamente era un soño: escapar a algún lugar descoñecido. O seu destino é Kanyakumari, que recibe o nome da “deusa que, ao igual que Akhila foi condenada a unha espera eterna.” Secretamente, compra un billete de tren no vagón das mulleres.

Cando o libro foi publicado na India en 2001, Nair o definíu como “unha novela en fragmentos” e así é, unha serie de relatos curtos engarzados como perlas coa progresión da propia historia de Akhila. Unha vez que Akhila suscita a cuestión ás súas compañeiras de compartimento, cada unha conta a súa historia sen interrupción. Durante a xornada, coñecemos cinco mulleres de 14 a 60 anos,

**2018-2019**

## Tertulias literarias

con historias radicalmente distintas, pero o nexo común – o mesmo de Akhila – é que as mulleres levan nas súas mans o seu destino.

Mentres Akhila escoita os relatos das mulleres, reflíctese en si mesma. Ten a súa propia historia, os amores, pérdidas e rupturas. Segundo os kilómetros a afastan das súas lembranzas, Akhila rexuenece. Ao remate da viaxe a súa vida comeza de novo, cun novo percorrido – con todo, temporal – nun novo escenario. Con esto, comeza a ser a muller que sempre desexou.



Os vagóns das mulleres foron utilizados ata 1998, pero o concepto propón un entorno seguro no que os personaxes sítense ceibes para falar das súas necesidades, desexos, penas e triunfos. A través disto, mentras Akhila comprende que non se voltarán a ver, Nair libera as restricións que os personaxes femininos poderían sentir noutros eidos. Historias tristes e situacións penosas, cada relato é un tributo á muller. Ao percorrer os resultados finais, Nair insiste na forza que poseen as mulleres. A súa confianza no poder de tomar control resulta evidente na súa actitude cara aos personaxes, aos desafíos aos que se enfrontan, e ás súas decisións e resultados definitivos. En contadas ocasións, Prabha Devi podería pensar, “Qué afortunada son de ser eu!” Quizais os lectores e lectoras deste libro pensarán o mesmo en comparación. Se ese é o caso, quizais o libro cumpriu o seu obxectivo.

Fonte:

[http://www.indiacurrents.com/news/view\\_article.html?article\\_id=2d963c56f872a7afb7da081d3fc3d433](http://www.indiacurrents.com/news/view_article.html?article_id=2d963c56f872a7afb7da081d3fc3d433)

### Anita Nair, as razóns dunha muller hindú

Por Valentina A. Mmaka (Café Letterario)

*Sobre o fondo dunha India contemporánea onde as contradicións súmanse ás sempre novas expectativas de modernidade, cúmprese a viaxe de Akhila e outras cinco compañeiras. As razóns dunha muller hindú que descubre o desexo de saír ó aire libre e reivindicarse nunha sociedade onde a tradición impídelle ser ela mesma.*

Ama a escritura de Jorge Amado e a poesía de Pablo Neruda, comezou a escribir de moza, cando as verbas estimularon a súa mente e escollía a compañía de "xogos" literarios. Aínda agora confesa que o nacemento de Maitreya, o seu fillo, fíxoa atopar a súa voz.

Anita Nair adoipa a vitalidade da sua India como un vestido multicolor que se renova e transmite os sabores, as cores, as especias da súa terra, e sobre todo o desexo de afirmar á muller hindú nunha sociedade que aínda hoxe a priva de identidade, relegándoa aos ghettos sociais trala fachada dunha cultura tradicional milenaria.

2018-2019

## Tertulias literarias

O pretexto da súa novela, *El vagón de las mujeres*, é unha viaxe en tren. Aquí Anita Nair confronta a seis mulleres, as súas vidas privadas e a súa relación co amor e a vida familiar. Akhila, a protagonista, dá o impulso a todas estas historias. Convertese pouco a pouco no filtro que absorbe as experiencias do resto e as concretiza situandoa na posición de entenderse a si mesma e racionalizar as propias inseguridades, as propias frustracións, os propios sonhos e desexos.

A escrita de Anita Nair, así como a súa expresión radiante e a ledicia que a distingue, é unha escrita cos tonos quentes da súa terra, decorada de metáforas que fan "visible" a representación dos estados de ánimo.

### Entrevista



Photo by Ajay Ghatage

***El vagón de las mujeres* é unha novela ambientada nun tren. Cómo xurdíu a idea deste libro?**

Na estación ferroviaria de Bangalore, ata 1998, existía un despacho especial de billetes para "señoras, ancianos e discapacitados". Así, nos trens nocturnos con compartimentos reservados de segunda clase, existían as "liteiras para señoras". Esta discriminación irritoume e decidín escribir un libro que representase a forza dunha muller a costa de certas xeralizacións que a presentan como un ser débil e inútil.

**Na novela as protagonistas son só mulleres. Mulleres diversas que ocupando o mesmo compartimento, confróntanse e deixan espidas as súas vidas. Porqué sentiches a necesidade de falar do mundo feminino hindú subliñando a disparidade e as frustracións secretas de mulleres aparentemente "felices"?**

Non é doado ser muller na India de hoxe. Se por unha banda é consciente dos seus dereitos e da necesidade de atopar unha identidade, por outra as tradicións continúan a investila nos papeis canónicos de muller e madre ... esta contradición é bastante interesante para unha escritora e tamén un desafío a representar. Personalmente sentíame cansa dos lugares comúns que se constrúen sempre ao redor da muller hindú: coa novela quixen amosar unha muller de temperamento, libre das estratificacións culturais que a oprimen e rebaixan a papeis predefinidos.

**A protagonista principal da novela é Akhila, unha muller solteira de cuarenta e cinco anos que vive unha vida normal, desenvolvendo tarefas precisas sen rachar nunca esta formalidade. Chegada a un certo punto decide cambiar e emprende esta viaxe en tren a Kanyakumari. É quizais a viaxe a metáfora dunha muller que, tamén na India, é máis dona de si mesma, capaz de decidir que facer, que desexar?**

## Tertulias literarias

Esta viaxe é para Akhila o primeiro gran paso cara á liberdade. Un viaxe ao descoñecido que significará o inicio da súa nova vida.

**A viaxe é o tema que marca a novela. Podemos ler a viaxe física de Akhila como unha viaxe interna á súa consciencia máis íntima? Unha sorte de iniciática?**

Sí, así é. Descubrín que nun tren ou durante o curso dunha longa viaxe, ancorámonos a un estado que inevitablemente reclama a voz da nosa consciencia. Por vez primeira, Akhila deixa de conformarse e decide cal será o rumbo que tome a súa vida.

**Volvamos de novo ao tema da viaxe. O ritmo do tren revela o ritmo das sensacións da protagonista. Akhila sofre unha metamorfose, vólvese faladora, sente a necesidade de confrontarse coas outras pasaxeiros, sente aflorar a súa pel e a súa feminidade. Entende que a súa vida anterior era frustrante e reducía a posibilidade de expresión propia?**

Akhila nunca tivo espazo para sí mesma, tanto físico como psicolóxico. Conforme a viaxe progresa descubre a necesidade de ese espazo negado e racionaliza todas as frustracións vividas ata entón.

**Na novela Akhila describíse cunha metáfora como unha muller que viviu unha vida "almidonada". Que foi o que a levou a vivir unha vida así? O sentido de responsabilidade en comparación coa súa familia en loito pola perda do pai ou quizais unha aceptación simple dos acontecementos da vida?**

A tradición hindú quere que a muller acepte o que lle ven asignado como deber e nada máis. No caso de Akhila direi que se trata de ambas as dúas cousas, o sentido de responsabilidade e a aceptación pasiva, pero debo dicir que ás veces gústalle o papel de mártir e cae na autocompasión.

**Na tua escrita fas un amplo uso das metáforas. Que valor das a esta figura retórica no teu xeito de escribir?**

As máis das veces non son consciente de estar utilizando metáforas, pero despois en retrospectiva lembro que xogan un papel importante porque me permiten crear unha imaxe común, cotiá baixo unha luz diversa, como algo extraordinario e raro. O feito de que me guste pintar confírmame que a metáfora en literatura nace do meu ollo pictórico.

**Falemos do amor. Na novela o amor relátase dende varios puntos de vista, tantos como protagonistas: hai mulleres como Janaki, muller viciada, Margareth Shanti casada cun tirano, Prabha Devi, perfecta filla e muller, Marikolanthu na que a violencia destruíu a inocencia. Mulleres que teñen en común un achegamento diverso ao amor. Akhila ve o amor como un "líquido incolor e volátil... o amor é un veneno escondido como o espírito do viño". A experiencia de Akhila é unha experiencia de amargura, desilusión, desconfianza?**

Creo que a maior parte das accións do home son permeables ao amor, pero é verdade tamén que a miúdo esquecemos que o amor leva consigo a oscura sombra das expectativas. Cando esta sombra é máis longa que o propósito, todo o demais eclipsa. Na novela, aínda máis, pois tres das protagonistas contraeron matrimonios combinados, o amor romántico non tiña ningún significado representativo.



## Tertulias literarias

**A pregunta de toda a novela é: pode unha muller vivir por sí mesma? A convicción que unha muller poida vivir feliz sola debe considerarse máis como unha conquista de liberdade ou é simplemente unha elección como outras?**

Ela desexa unha identidade para si mesma e sabe que a pode atopar vivindo sola. É unha elección posible, basta só atopar as razóns da propia existencia e manter vivo o diálogo coa propia consciencia, mensaxeira das nosas sensacións máis íntimas, desexos, anxeios.



**O desexo de Akhila de cambiar de vida é forte. Segundo ti un cambio radical comporta o contraste necesario coa cultura orixinaria?**

Penso que sí. *Manu* o *Mosé dos Hindustani* atribue á muller un papel inferior e esto está fixado fortemente na psique dos hindús. Para rexeitar ese marco, debe actuar en modo radicalmente oposto o que se lle aprendeu e isto pode provocar unha fractura, un alonxamento da cultura orixinaria.

**Sínteste preto de algunha das túas protagonistas?**

No. Xeralmente procuro escribir sobre persoaxes opostas ao meu modo de ser.

**Segundo ti qué fai decidir a unha muller deixar todo (aínda que non para sempre) e cambiar o curso da propia vida?**

Certos cambios na vida suceden cando menos os esperas. A Akhila a empurra Karpagam, a súa amiga da nenez. Karpagam cando é adolescente entende a importancia da independencia económica. Cando de adultas se atopan de novo, será ela a que fará entender a Akhila a súa falta de coraxe, espertándoa da súa inacción. E desde aquel encontro algo dentro de Akhila comeza a cambiar para despois emerxer completamente durante a viaxe.

**É difícil ser unha muller na India hoxendía?**

Digamos que non é fácil.

**Para ti, canto mudou nos últimos cincuenta anos para a muller hindú?**

A educación, a liberdade económica, as perspectivas profesionais melloraron a condición da muller hindú. Con tod, as mulleres que viven no campo descoñecen este "progreso" que liberou, se queremos, á muller nas áreas urbanas da tiranía de certas tradicións. Esta disparidade, moi forte nalgúns áreas, é un problema a superar con urxencia.

**Viaxando moito, segundo a túa experiencia, cal é a diferenza sustancial entre a muller occidental e a muller hindú na súa relación co cotiá?**

## Tertulias literarias

Creo que a liña de demarcación é a consciencia e o coraxe. A muller occidental produce unha autoestima que a fai segura de si mesma. A muller hindú, aínda querendo estar á altura da súa contraparte occidental, non ten de momento a coraxe de declararse como individuo pensante, autónomo. Teme ser acusada de egoísta e arrogante.

**Moitas escritoras hindús e pakistanís decidiron vivir no mundo occidental. Tiveches algunha vez esta mesma idea? Imaxínaste fóra da India?**

Non, eu amo a India e non gustaría de vivir en ningures. Apeteceme viaxar, pero a India é a miña casa e as miñas raíces están prantadas en terra hindú.

**Estás escribindo outra novela?**

Sí, estou escribindo unha novela sobre un bailarín. Estará ambientada en Kerala ao longo dun século. Polo de agora podo dicir que a novela tratará a complexidade do éxito artístico.

Fonte: [http://www.cafeletterario.it/interviste/nair\\_anita.html](http://www.cafeletterario.it/interviste/nair_anita.html)

### Anita Nair retrata la India actual a través de un tren y seis mujeres

La escritora afirma que su país navega entre Oriente y Occidente

Por Miguel Mora (El País, 2002)



La novela se titula *El vagón de las mujeres*, la ha editado Alfaguara y narra el largo viaje hacia la modernidad emprendido por India, ese país-universo que Anita Nair define como 'un mundo atrapado entre dos mundos: Oriente y Occidente'. La escritora de Bangalore utiliza la imagen del tren como símbolo de vida y de muerte, y retrata a la sociedad del sur del país a través de los diálogos entre seis mujeres de clase media.

Akhila tiene más de 40 años, está soltera, vive en un pueblo y trata de huir de su familia, que la mantiene. Para ella, la aventura máxima es el tren, así que se sube a uno de esos míticos trenes indios, atestado de gente, lento y familiar, y allí encuentra a otras cinco mujeres; Janaki, una madre desubicada; Margaret, una química con un marido dictador; Prabha, esposa sumisa en busca de identidad e independencia; Sheela, una espabilada adolescente, y Marikolanthu, la más sofisticada y experta de todas.

Seis mujeres, seis, que cuentan sus historias, sus secretos y sus anhelos, en una novela que habla de cambios, de tradiciones, de amores y sufrimientos, desde el más absoluto realismo. 'Me gusta mucho el realismo, sí, me parece que todos vivimos en la fantasía', dice Anita Nair, una mujer urbana que fue ex creativa de publicidad antes de escritora de éxito. 'Y adoro los trenes también', explica. 'Son un microcosmos de la sociedad india, una mezcla de gente de todo tipo, estrellas de



## Tertulias literarias

cine, políticos, ciudadanos... En los trenes hay mucha vida y mucha muerte. Todos hablan, narran historias con mucha libertad, amparándose en el anonimato, en saber que es probable, o seguro, que no te vuelvas a encontrar a ninguno de los que te oye'.

Anita Nair escribe 'a mano y en inglés'. Sus mujeres hablan también en inglés. 'Desde la independencia hemos tenido una educación muy británica: pensamos en inglés, y es la lengua que unifica a los diferentes Estados'. Son mujeres de clase media, que según ella es 'el gran núcleo de la sociedad india': 'Está la India pobre, hambrienta y anticuada, de padres que pueden llegar a suicidarse si no tienen dote para casar a su hija', explica. 'Pero también es real esta otra India de gente que tiene televisión y ordenadores, que trabaja y tiene una cultura urbana y libre, que se deprime y toma antidepresivos'.

Esa mezcla de modernidad y tradición, de espiritualidad y consumo, de tecnología y oralidad, marca las historias de *El vagón de las mujeres*, que toma el título de un compartimento especial que, hasta 1998, había en los trenes nocturnos indios. Pero Anita Nair no considera que su novela sea feminista: 'Creo que las feministas me pegarían si la leyeran, en eso soy muy personal. Hablo de mujeres iguales a hombres, no superiores. Mujeres que quieren ocupar su lugar en la sociedad. Eso, más que feminismo, es una cosa muy humana'.

Nair ha triunfado con sus cuentos y novelas en Londres. Y no cree que eso quiera decir mucho: 'En India se cree que un libro es bueno si Londres lo dice. Quizá no saben que muchas veces son sólo éxitos mediáticos, mentiras'.

Fonte: [https://elpais.com/diario/2002/10/18/cultura/1034892003\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2002/10/18/cultura/1034892003_850215.html)



[Arquivo documentación Tertulias Literarias \(desde 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda  
Avenida Rosalía de Castro 227 A  
15172 – Perillo (Oleiros)  
Tfno.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996

Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)  
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>